



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

### DECRETO DE ALCALDÍA

<b>ASUNTO:</b>	<b>RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL – DECRETO NÚM. 633/2024 DE DATA 02.12.2024</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li><b>Concretamente: Na redacción do día da semana que corresponde á data da fase de oposición.</b></li></ul>
	Aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización por concurso oposición, da praza de Director/a da Residencia municipal a xornada completa, nomeamento e convocatoria Tribunal cualificador.

Visto o contido da parte resolutiva do presente acordo.

Detectado un erro material e considerando o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común, coa finalidade de subsanar o mesmo, en exercicio das facultades que me atribúe a normativa de réxime local, **ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o Decreto de alcaldía no puntos CUARTO e QUINTO da parte resolutiva do presente acordo nos termos que se indican a continuación, entendendo tamén rectificadas todos os erros concordantes co mesmo existentes, no seu caso, nos diferentes trámites do expediente:

#### **Onde di:**

**CUARTO.-** Convocar aos membros do Tribunal para a preparación da fase de oposición para o **venres** día 12 de decembro de 2024 ás 10:30 horas na Casa Consistorial do Concello de Boimorto.

**QUINTO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador e aspirantes á selección de estabilización por concurso oposición dunha praza de Director/a da Residencia municipal a xornada completa á realización da fase de oposición para o **martes** día 12 de decembro de 2024 ás 11:00 horas na Casa consistorial do Concello de Boimorto.

#### **Debe dicir:**

**CUARTO.-** Convocar aos membros do Tribunal para a preparación da fase de oposición para o **xoves** día 12 de decembro de 2024 ás 10:30 horas na Casa Consistorial do Concello de Boimorto.

**QUINTO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador e aspirantes á selección de estabilización por concurso oposición dunha praza de Director/a da

Residencia municipal a xornada completa á realización da fase de oposición para o **xoves** día **12 de decembro de 2024 ás 11:00** horas na Casa consistorial do Concello de Boimorto.

En consecuencia do exposto, o Decreto de alcaldía en cuestión queda redactado nos seguintes termos:

**Descrición Decreto:** Aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo de estabilización por concurso oposición, da praza de Director/a da Residencia municipal a xornada completa, nomeamento e convocatoria Tribunal cualificador.

**DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA)**

Finalizado o prazo de presentación de alegacións para tomar parte no proceso selectivo extraordinario de estabilización do emprego público temporal do Concello de Boimorto derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e da oferta de emprego público excepcional e extraordinaria anualidade 2022, praza de Director/a da Residencia municipal a xornada completa por concurso oposición, aprobado por Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07/12/2022 e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 236 de data 15 de decembro de 2022.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Aproba-la seguinte listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

<b>DIRECTOR/A DA RESIDENCIA MUNICIPAL - XORNADA COMPLETA – CONCURSO - OPOSICIÓN</b>	
<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
<b>ADMITIDOS/AS</b>	
Bouzas Lampón, Tamara	XXX0963XX
Mosteiro Monterroso, Silvia	XXX0484XX
<b>EXCLUÍDOS/AS</b>	
López Pérez, María Teresa	XXX5547XX Motivo: - Non presenta formación específica (máster, títulos propios ou formación análoga) en dependencia, discapacidade, xeriatría, xerontoloxía, dirección de centros residenciais ou outras áreas de coñecemento relaciondas co ámbito de atención á dependencia.

Rótulo Brantuas, Antonieta Dora	XXX8910XX Motivo: - Non presenta formación específica (máster, títulos propios ou formación análoga) en dependencia, discapacidade, xeriatria, xerontoloxía, dirección de centros residenciais ou outras áreas de coñecemento relacionadas co ámbito de atención á dependencia.
---------------------------------	---

**SEGUNDO.-** Nomear ao Tribunal cualificador do proceso selectivo, que terá a seguinte composición:

-Presidente: Rocío Carbón Sueiro, Directora da Residencia Municipal de Maiores de Vila de Cruces.

Suplente presidente: M<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González, traballadora social do Concello de Sobrado.

-Vogais:

Titular 1: M.<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo, Traballadora social do Concello de Boimorto

Suplente 1: M<sup>a</sup> Teresa Alcalde Valle, Traballadora social do Concello de Santiso.

Titular 2: M.<sup>a</sup> Teresa Gómez Cea, Técnica en intervención familiar- psicóloga do Concello de Boimorto.

Suplente 2: Guadalupe Vázquez Ascariz, traballadora social do Concello de Toques.

Titular 3: Cristina Tato Míguez, Orientadora laboral do Concello de Santiso.

Suplente 3: María José Lage Vázquez, Axente de Emprego e Desenvolvemento local do Concello de Arzúa.

- Secretario: Jorge Boado Fernández, Secretario interventor do Concello de Boimorto.

Suplente secretario: Funcionario/a que legalmente o substitúa.

**TERCEIRO.-** Fixar o vindeiro 12 de decembro de 2024 ás 9:30 horas como data para a primeira sesión do Tribunal cualificador ( constitución) e para comezar co proceso de valoración de méritos presentados e acreditados para a presente praza.

A xuntanza do Tribunal cualificador farase no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Boimorto, sito na rúa Vilanova, núm. 1.

**CUARTO.-** Convocar aos membros do Tribunal para a preparación da fase de oposición para o xoves día 12 de decembro de 2024 ás 10:30 horas na Casa Consistorial do Concello de Boimorto.

**QUINTO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador e aspirantes á selección de estabilización por concurso oposición dunha praza de Director/a da Residencia municipal a xornada completa á realización da fase de oposición para o xoves día **12 de decembro de 2024 ás 11:00** horas na Casa consistorial do Concello de Boimorto.

**SEXTO.-** Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios.

**SÉTIMO.-** Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente, recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Decretouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo, aos efectos da súa constancia, publicando o presente acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Boimorto, así como ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

***Decretouno a Alcaldía en Boimorto a data da sinatura dixital, do que eu, Sr. Secretario deste Concello dou fé e traslado.***